



OCIOTECA VERÁN 2021

Programa de conciliación da vida laboral, familiar e persoal no período de vacacións escolares de verán 2021, meses de xullo e agosto, no que se farán actividades lúdicas-deportivas e culturais dirixidas ao alumnado que estea matriculado no curso escolar 2020-2021 en: segundo ciclo de E. Infantil (3-6 anos) e toda Primaria; ou que teñan os 3 anos cumpridos no momento da inscrición. Sendo ademais requisito obrigatorio para poder participar nestas actividades estar empadroadado no Concello de Burela @ menor participante.

O obxectivo primordial é facilitar a conciliación da vida familiar e laboral, ofrecendo aos nenos e nenas unha alternativa de tempo de lecer e tempo libre, desenvolvendo valores de cooperación, respecto e tolerancia.

Debido á especial situación que estamos vivindo como consecuencia da emerxencia sanitaria do COVID-19, as habituais actividades previstas para o verán tendrán que adaptarse aos requisitos sanitarios que sexan de aplicación en todo momento en función da evolución da pandemia.

Convócase unha reunión informativa para o venres 25 de Xuño ás 20:00 h no Salón de Conferencias do Concello de Burela, antiga biblioteca, para explicar as medidas excepcionais de prevención fronte ao COVID-19 que se tomarán, e que serán de obrigado cumprimento. Terá que asistir, obrigatoriamente, un pai/nai/titor/a de cada nen@ que asista ás actividades, xa que deberán asinalas.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- Promover actividades que favorezan a diversión creando un ambiente lúdico.
- Desenvolver a autonomía persoal no día a día.
- Dar a coñecer diferentes actividades lúdicas de lecer e tempo libre.
- Promover actividades que favorezan o traballo en equipo e a creatividade.
- Fomentar o compañerismo e a tolerancia a través de actividades de traballo en equipo.
- Potenciar actitudes de valoración e respecto cara o entorno físico e natural.
- Dar a coñecer que é o medio ambiente, a natureza e a importancia que ten coidala.
- Coñecer o entorno que nos rodea.

DATAS E HORARIO

Do 1 de xullo ao 26 de agosto, de luns a venres, agás festivos; de 9:00 a 13:30 horas. Tanto as chegadas como as saídas faranse escalonadas para evitar aglomeracións.

Un mesmo participante poderá solicitar ambos meses ou un só.

LUGAR DE REALIZACIÓN

As actividades levaranse a cabo nas instalacións do CEIP Virxe do Carme de Burela.

PRAZAS

O número de prazas ofertadas dependerá das medidas vixentes para ese período de tempo no referente á situación sanitaria provocada pola COVID.

SELECCIÓN

Farase unha valoración outorgando puntos a diversos items e facendo un listado en función da puntuación obtida de maior a menor, segundo figura a continuación:

1. Situación **socio-laboral** das familias:
Por cada proxenitor en situación de emprego: 2 puntos.
Familia monoparental con emprego: 4 puntos (Entenderase por familia monoparental cando forme parte da unidade familiar unha única persoa proxenitora que non conviva con outra persoa coa que manteña unha relación, e sempre que a outra persoa proxenitora non contribúa economicamente ao seu sustento. Neste caso xustificárase cunha denuncia reclamando o pago da manutención do menor).
2. Situación **socio-económica** das familias:
Se a renda per cápita da unidade familiar é inferior ou igual ao IPREM 7519,59 euros: 3 puntos.
Se a renda per cápita da unidade familiar está entre os 7519,60 euros e ata os 9000 euros: 2 puntos.
Se a renda per cápita da unidade familiar é superior aos 9000 euros: 1 punto.
3. **Familia numerosa**: 1 punto.
4. Por cada proxenitor que dentro do horario que cubre a Ocioteca esté realizando un curso, taller ou calquera outra **modalidade formativa**: 2 puntos.
5. Situación **socio-familiar** das familias, no que será preciso un informe dos Servicios Sociais do Concello no que se especifique a gran necesidade deste servizo de Ocioteca que dita familia ten pola situación socio-familiar que están vivindo: 2 puntos. Sempre e cando esa particularidade non esté valorada en ningún dos demais items que aportan puntuación.
6. **Discapacidade dos proxenitores** igual ou superior ao 33%: 2 puntos por cada proxenitor nesta situación.
7. Por cada proxenitor en **situación de ausencia** por causas penais: 1 punto.

En caso de empate a puntos terán preferencia os que traballen os dous proxenitores. Se aínda así houberse empate desempatarase por orde de presentación da solicitude. Terase en conta o nivel de renda do ano 2019 da unidade familiar:

-**A unidade familiar** é como norma xeral a formada polo pai/nai/titor e fillos solteiros menores de 26 anos ou os de maior idade cando teñan algunha minusvalía ou se encontren en situación de desemprego.

-Enténdese por “**renda per cápita anual familiar**” o resultado de dividir a renda anual da unidade familiar polo número de membros que a integran.

Para os efectos desta convocatoria, a renda anual familiar obterase por agregación das rendas de cada un dos membros computables que obteñan ingresos de calquera natureza. Os membros da unidade familiar que presenten declaración do imposto sobre a renda do 2019, para os efectos do cálculo da renda familiar, sumarán a base imponible xeral máis a base imponible do aforro.

Se non ten obriga de facer declaración do imposto sobre a renda do 2019, o documento que acredite os ingresos percibidos no ano 2019 (nóminas acompañadas da vida laboral, certificado de empresa e declaración xurada no caso de non ter outra documentación)

Prazo e lugar de inscrición: do 8 ao 11 de xuño de 2021, na Oficina de Gaia situada na Praza de Abastos, antiga Capitanía Marítima.

Documentación para a inscrición:

- ✓ **Solicitude de inscrición** (anexo1)
- ✓ **Fotocopia da Declaración da Renda** do 2019 ou documentación que acredite os ingresos percibidos pola unidade familiar durante o 2019.
- ✓ **Fotocopia do Libro de familia.**
- ✓ **Fotocopia do Título de familia numerosa.** No caso de ser familia numerosa.
- ✓ **Última nómina ou un informe da empresa.** No caso de autónomos o último recibo de pago.
- ✓ Se a familia é **monoparental** acreditar dita situación documentalmente.
- ✓ **Informe de Servicios Sociais** do Concello de Burela onde se indique a especial necesidade deste servizo. Só para as familias que cumpran o punto 5 do sistema de valoración.
- ✓ **Documentación** que acredite estar **formándose** nas datas e horario no que se levará a cabo a Ocioteca de Verán.
- ✓ **Documentación** que acredite a **ausencia** dun ou ambos proxenitores por causa penal. Só para as familias que cumpran o apartado 7 do sistema de valoración.
- ✓ **Certificado de discapacidade.** Só para as familias que cumpran o apartado 6 da valoración.
- ✓ **Certificado de convivencia,** nos casos de familias monoparentais.

De non presentar a documentación solicitada para a inscrición, non se valorará a solicitude co resto de solicitudes presentadas no prazo e pasará a estar a continuación do último valorado e por orde de entrada no caso de haber máis na mesma situación igual que as presentadas fóra de prazo.

Nota: As solicitudes presentadas fóra de prazo de inscrición pasarán a continuación da última valorada e por orde de entrada. Se hai prazas libres terá praza, e se non hai prazas libres pasará a lista de agarda.

LISTADO PROVISIONAL DE ADMITIDOS

Unha vez rematado o prazo de inscrición deberase chamar aos teléfonos 982580867/647136673, mirar na páxina web municipal ou no taboleiro de anuncios do Concello para consultar as listaxes provisionais de admitidos, a partir do día 17 de xuño de 2021. Nelas figurarán o nº de inscrición e o DNI da nai/pai/titor/a que realizou a inscrición

De non estar dacordo coa puntuación obtida poderán presentarse alegacións, durante dous días hábiles dende a data de publicación da listaxe provisional, no rexistro municipal.

LISTADO DEFINITIVO DE ADMITIDOS

Unha vez revisadas as posibles alegacións publicaranse as listas definitivas o día 23 de xuño na páxina web do concello e no taboleiro de anuncios.

Se houbese máis demanda que prazas ofertadas, haberá unha lista dagarda que se elaborará por rigorosa orde de puntuación.

MÁIS INFORMACIÓN DA OCIOTECA DE VERÁN 2021 NO DEPARTAMENTO DE MEDIO AMBIENTE NOS TLFS: 982580867/647136673 ou no correo gaia@burela.org



ANEXO 1

SOLICITUDE DE INSCRICIÓN “OCIOTECA VERÁN 2021”

D./Dna. _____ con DNI _____

Con domicilio en _____

Municipio _____ Provincia _____ Cód. Postal _____

Teléf: _____ e-mail _____

Inscribe e autoriza a participar na “Ocioteca Verán 2021” ao seu fillo/a :

_____ con data de

nacemento _____ que cursou _____ de

_____ no curso escolar 2020-2021, na Ocioteca Verán

2021 durante os meses de Xullo Agosto de 2021.

-Ten algunha intolerancia alimenticia?

-Ten algunha enfermidade que poida repercutir na realización das actividades propias da Ocioteca?

Asdo: